



E se, no canto de preguntarmos sobre a ausencia de Deus ou de onde está Deus hoxe, fixésemolo presente?

Emma Martínez Ocaña¹

Ante situacións de grandes traxedias, pandemias, situacións onde o mal parece gañar a batalla, xorde unha e outra vez a pregunta: onde está Deus? Por que non actúa? Abandonounos á nosa sorte? Será que non existe?

Estas preguntas e dúbidas non son exclusivas dos cristiáns, seguramente a outras persoas crentes doutras relixións preséntanlles as mesmas dúbidas e dificultades.

Iso mesmo pasoulle á primeira comunidade cristiá. O asasinato de Xesús sumiunos nunha profunda crise e desconcerto profundo: onde estaba Deus? Por que non actuou para salvar a Xesús? Equivocámonos ao confiar no Nazareno?

A experiencia da resurrección confirmoulles que non estaban equivocados, que era verdade que Xesús tiña razón e que nel se lles desvelou o Misterio de Deus.

Esa experiencia cambiou radicalmente as súas vidas, deixaron de preguntar onde estaba Deus para, coma Xesús, tratar de o facer presente.

Non sería esta unha proposta válida para os que nos consideramos crentes, que neste momento onde parecería que Deus está ausente, no canto de preguntarmos onde está ou por que se apaga a fe nel, tentamos de o facer presente?

¹ Emma Martínez Ocaña pertence á Institución Teresiana. É licenciada en Historia e Teoloxía Espiritual.

Cada comunidade crente terá de o facer á súa maneira e volviendo ás fontes da súa crenza relixiosa para recuperar a imaxe do Deus no que cren.

Que significaría para as persoas que nos consideramos cristiás facer presente o Deus no que cremos? En que Deus cremos? Cremos no Deus que nos desvelou Xesús?

Unha e outra vez repito a urxencia de volver a Xesús, de recuperar a paixón pola súa persoa, por nos comprometermos co seu proxecto, por acoller o Deus no que el cría e que revelaba nas súas palabras e na súa vida.

Pódenos axudar caer na conta do cambio de valores, perspectivas, condutas que para a primeira comunidade supuxo a experiencia da Resurrección, e o cambio na imaxe de Deus que tamén tiveron que facer.

Ese foi un dos grandes descubrimentos da primeira comunidade despois da Resurrección, descubrir que en Xesús coñeceran a Deus.

O evangelista Xoán sorpréndenos con dúas afirmacións difíciles de conciliar: «A Deus ninguén o viu xamais» (Xn 1, 17) e coa mesma contundencia di que é o seu fillo quen lles revelou a súa verdade, e na súa primeira carta afirma con toda firmeza: «o que oímos, o que viron os nosos ollos, o que contemplamos e palparon as nosas mans... porque a vida manifestouse, nós vímola, damos testemuño... iso que vimos e oímos anunciámosvolo agora... para que a nosa alegría chegue ao seu colmo» (IXn 1, 2.4).

Este é un texto que sempre me impresionou, porque a quen viron, oíron, tocaron, foi a Xesús de Nazaret, e desde esa experiencia confesan con toda certeza que «Deus é amor!» (IXn 4, 8).

Que pasou para faceren con verdade esas dúas afirmacións aparentemente contraditorias?

Se era verdade que Xesús tiña razón, era necesario descubrir non só quen era Xesús, senón en que Deus cría Xesús. Máis concretamente: que descubriron de Deus ao veren a Xesús.

Polos testemuños escritos que nos deixaron, non temos acceso á experiencia persoal da relación de Xesús con Deus; algo, porén, podemos intuír a través dos relatos que nos deixaron.

Que o albiscou como un Misterio de relación amorosa. Se algunha palabra podía evocar esa relación de amor incondicional, era a de ABBA, esa imaxe simbólica (aínda que non sempre se corresponda coa experiencia real) do materno-paterno que xera relacións de confiada filiación e de construción de fraternidade.

Esa imaxe simbólica expresa algo que podemos comprender; ser filla ou fillo expresa un vínculo indestrutible e que ademais nos fala de xerar vida, dala, coidala, alimentala, sostela, defendela.

Non deixa de ser rechamante que os evanxelistas non poñen na boca de Xesús ningún «discurso» sobre Deus. Para tentar de romper con imaxes que sen dúbida experimentaba inadecuadas á súa experiencia, narrou parábolas belísimas onde sobre todo resaltan a misericordia² dun pai bo, dun pastor ou unha muller que buscan o perdido (Lc 15).

Porén, o que descubriron de Deus en Xesús, non foi tanto polas súas palabras, senón pola súa vida, polos seus feitos. Sen dúbida experimentaron que, se Deus existía, e eles crían que si, tiña que parecerse a Xesús. É máis, tiveron a percepción de que el se vivía en Deus, que se experimentaba formando parte inseparable dese Misterio, mesmo que había unha identificación con El, por iso Xoán atrevese a poñer en boca de Xesús palabras que expresan esa profunda unidade: «O Pai e mais eu somos un» (Xn 10, 30); «O Pai está en min e eu n' El» (Xn 10, 38b).

Todo na persoa de Xesús era desbordamento de amor, dun amor sen fronteiras, sen medida. O «como eu vos ameí» resoaría unha e

2 Se puidésemos resaltar sobre todo algún trazo da imaxe de Deus que desvela Xesús nas súas parábolas e que el mesmo amosou na súa vida, é a misericordia con todas as persoas. Unha imaxe, doutra banda, moi vinculada á tradición profética do seu pobo: Deus é «*rahamin*», un Deus que ten entrañas, «Pode unha nai esquecerse da súa criatura, deixar de querer o fillo das súas entrañas?... Pois aínda que ela se esquecer, eu non me esqueceréi de tí» (Is 49,15), que ten útero no que leva o seu pobo (Is 46,3).

outra vez como experiencia de gratitude e como invitación a amar así. Un amor que puña máis onde había máis necesidade.

Seguramente lembrarían o escándalo que supuxo para todas as persoas que o vían e oían cando Xesús rompeu cos seus feitos os criterios «relixiosos» do seu pobo expresados na oración do bo xudeu. É ben lembrala: «Douche grazas, Señor, porque son home e non muller, porque son xudeu e non pagán, porque son san e non enfermo, porque son xusto e non pecador». Esta oración expresaba con toda claridade quen eran, segundo esa oración, os bendicidos por Deus, os que constituían o centro da experiencia relixiosa: os homes, xudeus, sans e «xustos»; quen eran os que quedaban na periferia? As mulleres, os pagáns, os enfermos e os pecadores.

Chegou Xesús e cos seus feitos transtornouno todo e fixo de todas as periferias o seu centro. Cando desconcertados e escandalizados lle preguntan con que autoridade actuaba así, Xesús contéstalles, remitindo a Deus a súa autoridade: Porque así é Deus, que veu buscar o perdido, porque non necesitan médico os sans, senón os enfermos...

No seu mestre, Deus fixéraselles presente, puidérono ver, oír e palpar; ese era o reto fundamental das súas vidas, esa era a Boa Noticia que as e os encheu de alegría e que estaban chamados a facer verdade. Facer coas súas vidas visible a Deus para o faceren crible. Esa experiencia fundamental pona o evanxelista Xoán en boca de Xesús na súa cea de despedida: «Quen me vexa, viu o Pai» (Xn 14, 9).

E, volvendo ao noso presente, que nos di esta experiencia a quen queiramos de verdade ser seguidoras de Xesús?

Ao longo destes días, e ante outras moitas traxedias da nosa historia, dunha ou doutra maneira tamén nos resoou esta mesma pregunta: onde está Deus nesta pandemia? e unhas persoas e outras trataron de contestar desde a súa fe a esta pregunta. Onde está Deus nunha sociedade que prescinde del?

Quero confesar que hai tempo que deixei de facer a pregunta de onde está Deus. É que Deus está nalgún lugar e non noutro?

E aos poucos fun cambiando as preguntas: Onde e como intúo, contemplo que Deus É en todo o que é? Como podo na miña vida cotiá facer presente a Súa Presenza?

Quero explicar un pouco mellor. Hai algúns anos lin nun texto de Ignacio González Faus algo que me quedou moi gravado: «Falar de Deus é sempre un pouco blasfemo, é coma tomar o nome de Deus en balde». E cada vez descubro máis a profunda verdade desta frase.

En realidade, non falamos de Deus, senón da nosa maneira de nos relacionarmos co Misterio, das imaxes que facemos desa Presenza.

Pero os seres humanos necesitamos pór palabras ao que vivimos. Por iso unha e outra vez tentamos de balbucir algunha que apunte a esa Realidade.

De todos os xeitos, penso que non nos viría mal un tempo de xaxún, de silencio sobre «Deus». O nome de Deus na nosa cultura, para moitas persoas, está aínda vinculado de máis ao vocábulo «Theos» cun contido greco-romano dunha imaxe situada «arriba», «fóra», «separada», ademais de adornada duns atributos antropomórficos e patriarcais de poder, dominio, gloria, que pide submisión, que xulga, condena ou salva, que intervén directamente manexando a historia. Unhas representacións moi afastadas das da nosa cultura actual e sobre todo afastadas do *Abba!* co que Xesús nomeou a súa relación con Deus.

Para moitas persoas cristiás, esta invocación segue sendo o modo máis adecuado, fermoso e amoroso para nomear o Misterio; a outras xa non lles vale unha imaxe antropomórfica, aínda que sexa amorosa, nin un Deus noutro piso superior, aínda que tamén o descubran no interior do seu ser e de todo o que é, para outras o Silencio que desvela a súa presenza é o fundamental...

Se cadra o importante é non confundir o nome coa realidade do nomeado; o que Deus sexa en si mesmo non é captable pola nosa mente, pero pode ser Vivido no noso ser.

De todos os xeitos, nomeémolo como o nomeemos, somos conscientes do que suporía hoxe facer verdade na nosa vida ese «así é Deus» co que Xesús escandalizou os seus contemporáneos?

Entre outras cousas o facer das periferias, opresións, escravitudes o noso centro suporía un cambio radical das nosas vidas e por tanto do noso mundo; poderíamos nomear algunhas destas periferias: os 78 millóns de desprazados no mundo; os millóns de famentos, empobrecidos, preto de nós e lonxe; as persoas escravizadas en traballos inhumanos, explotadas laboral ou sexualmente; os que están tirados no camiño da vida, saqueadas polos ladróns de quenda; os manteiros que rebolen nas nosas cidades, os emigrantes sen papeis que traballan con salarios de miseria nos nosos campos, as mulleres amedrentadas sometidas a unha brutal violencia machista, nenos e nenas abusados e maltratados...

Só nomealo a min prodúceme abafó e vergoña polo lonxe que me atopo de vivir esta opción.

É verdade que hai persoas que viven así, que fan visible no noso mundo esa tolemia de amor, sexan ou non crentes nun Deus Abba, e son a nosa riqueza e a nosa esperanza dun mundo mellor. As que aínda non sabemos amar así, non perdemos a esperanza de ir pobrementemente dando todos os pasos que saibamos e poidamos nesa dirección e esperando que sexamos alcanzados pola forza do mesmo Espírito que alentou primeiro a Xesús e despois as súas discípulas e discípulos transformando as súas vidas.

Dixen ao principio que non pregunto onde está Deus, como moito arrisco a crer que máis que está, É. É en todo e todo é nese Misterio, e que a moitas persoas as imaxes antropomórficas de Deus xa non lle son válidas.

E se arriscásemos a nomear este Misterio con outras imaxes que poidan responder mellor á visión que hoxe temos do universo, e do seu proceso evolutivo?

E se o puidésemos contemplar asombradas como Alento de Vida, Fondo Último, Fonte do Ser, Trama da Vida na que somos o que

somos, que nos envolve e aperta, que nos sustenta e estrutura, que nos vincula constituíndonos en unidade con toda a realidade sen perdermos a singularidade e converténdonos nun nó de relacións en todas as direccións e tempos...?

Pregunto para min e preguntóche a ti, lector, lectora: Como cambiaría a nosa vida cotiá, a nosa sociedade, o noso mundo... se esta realidade fose unha experiencia sentida e saboreada e por iso mesmo verificada na historia?

Hoxe, mentres facía estas preguntas, desvelóuseme outra linguaxe, sen dúbida inapropiada, pero non puiden deixar de me emocionar ao tentar de poñerlle palabras:

«No Principio existía unha “Enerxía amorosa” potentísima, purísima que nun momento dado estalou, expandiuse dando lugar a unha gran diversidade de realidades, pero profundamente iguais porque procedían do mesmo Fondo Común».

Nesa Enerxía purísima que estalou, todo estaba contido no Todo e nas súas partes.

E a partir dese «estalo de amor» comezou a danza da vida.

De que estaba feita esa danza?

- De cooperación «amorosa» e vinculante para manter o equilibrio dinámico do proceso evolutivo e garantir a diversidade
- De solidariedade para facer posible a co-evolución de todo, para que cada realidade poida ser e desprezar as súas posibilidades, sen présa, sen tempos medidos, deixando madurar a vida
- De amor estruturante e sustentador da vida

Por iso, como froito desa danza da Vida, todo o que É, é manifestación desa Enerxía Purísima, dese Fondo de Amor, desa Fonte de Ser e Sostén de todo o que é.

- Romper para darse e dar-ser
- Vincularse para seguir sendo-en

- Cooperar para favorecer a co-evolución
- Solidarizarse para facer posible a unidade na diversidade.

Unha gran lección do Universo que os seres humanos estamos chamados a facer, conscientemente, proxecto vital.

Ademais, temos a posibilidade de admirar, contemplar, agradecer, adorar... ese Misterio de Amor e Vida no que toda a realidade somos, respiramos, vivimos... e do que podemos elixir ser Testemuñas.

Agora, desde a contemplación do proceso evolutivo, entendo mellor o xesto de Xesús de Nazaret de «partir» e «repartir» o pan, como testamento vital e revelación do segredo da súa vida: partirse, repartirse, deixarse comer para dar vida e xerar vínculos de amor e así ser testemuña dese Amor Primixenio do principio.

Palabras seguramente blasfemas, tal como dicía González Faus; pero que a min, neste momento, axúdanme a intuírme vivindo nesa corrente amorosa de Vida, sendo nese Vínculo fundante e estruturante, experimentándome envolta nesa Trama da vida e por tanto responsable dela e chamada a seguir colaborando no seu coidado e crecemento apaixoándome por vivir como filla e como irmá e irmanada coa vida.

Hoxe quero seguir contemplando esa Presenza, cos ollos do corazón, en toda a vida que segue sendo a pesar de tanta morte, en todo o amor que se fai verdade en millóns de persoas boas no mundo, nos animais que recuperan contentos, neste momento, espazos que lles negabamos, na primavera que estala en vida no medio dunha pandemia que nos oprime o corazón, nas estrelas que seguen iluminando a noite, no sol que nos alumea e madura as colleitas, no aire que respiramos...

Quizais, aínda que non entenda como é ese Misterio, poida contemplalo; mellor aínda. quizais o meu corazón poida intuír esa Presenza e poida que tamén «arda o meu corazón no camiño», como lles pasou aos discípulos de Emaús, e a miña vida, a nosa vida, se transforme para poder tamén transformar as nosas comunidades, as nosas contornas, as nosas sociedades.

Animámonos a tentar de vivirmos xa aquí a vida nova, a que non termina, a que nos pode converter en testemuña visible dun Amor invisible, como lle pasou a Xesús?

Podemos facernos unha idea de como cambiarían as nosas vidas, as nosas comunidades, as nosas sociedades, o noso mundo... se os 2.437 millóns de cristiáns no mundo fixésemos visible nas nosas vidas ese Deus que se nos desvela en Xesús?

Eu estou convencida de que a mellor maneira de facer crible a Deus, no noso mundo, é facer posible a vida, especialmente as vidas máis vulnerables, coidalas, protexelas, loitar contra todas as ameazas e realidades que a dificultan e atacan...; entón podería ocorrer que as que nos coñecen e viven a carón nosa digan, como dixeron de Xesús: o que vimos, oímos e palpamos é que o Deus dos cristiáns é amor e vida e merece a pena crer nel.

Texto tomado, retocado e ampliado, do meu libro, *Es tarde, pero es nuestra hora*, Narcea, 2020, 159-169.

Emma Martínez Ocaña

<http://emmamartinezocana11.blogspot.com/>

Traduciu Xesús Portas Ferro